

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS EVENTOS DE MÚSICA ELECTRÓNICA DENOMINADOS "LINGUA URBANA FEST" E "WAKE UP" NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. Está representada neste acto por D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

E doutra parte, **AMORINFES, S.L.**, con domicilio social en Avda. del puerto 3, CC Los Cantones Village 1º andar, 15003, A Coruña, provista de CIF B75776492. Está representada neste acto por María Alejandra Rubio Seara, con DNI \*\*\*5882\*\*, en calidade de apoderada segundo escritura.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o "Convenio"), e ao efecto

### **EXPOÑEN**

**I.-** Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería. Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.



II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*

b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*

c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

Neste sentido, a Fundación estima que a realización dos eventos de música electrónica "Lingua Urbana Fest" e "Wake up no Gaiás", na Cidade da Cultura de Galicia, pola súa magnitude e público destinatario, contribúe ao cumprimento do seu obxecto social en canto a actuar cun papel clave no fomento e difusión da cultura entre a cidadanía.

O propio Plan Estratéxico do Gaiás 2021-2027 fixa dentro dos seus obxectivos, o de desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo. E determina como obxectivo operativo (O.O.1.3.) a promoción e creación de novos públicos e audiencias. Dentro das liñas de acción do amentado Plan Estratéxico que abranguen o seu programa de coñecemento e fidelización de públicos, o público obxectivo ao que vai dirixido os eventos "Lingua Urbana" "Wake up no Gaiás", conecta coa acción 1.3.2., descrita do seguinte xeito:



### Acción 1.3.2 Novos públicos

Relación co marco estratéxico	<p><b>OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo.</b></p> <p><b>OO 1.3</b> Promover a creación de novos públicos e audiencias.</p>
Xustificación da necesidade	Existe un baleiro nas audiencias participantes no programa cultural, entre o público infantil e o adulto (16-25/30 anos). Cómpre deseñar programas específicos para as xeracións que viven o seu día case exclusivamente en contornas dixitais.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Atraer os segmentos menos fidelizados ás programacións ofertadas pola CdC.</li> <li>- Promover que estes grupos xeracionais participen de forma activa no deseño e posta en práctica destas actividades, non só como espectadores pasivos.</li> <li>- Incrementar o número de visitantes off/online ás actividades de programación da CdC.</li> </ul>
Descrición da acción	Deseñar programacións específicas regulares especializadas en contidos dixitais para as xeracións Alpha e Z. Consolidar proxectos como o Maker Faire e amplificar a <i>hackatons</i> ou encontros de <i>gaming</i> entre outros.
Tarefas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar estudos de públicos, coñecer as tendencias e os costumes das xeracións Alpha e Z, para poder ofrecerlles contidos valiosos e atractivos.</li> <li>- Unha vez elixido o equipo especialista en contidos dixitais, elaborar un primeiro plan anual de actividade.</li> <li>- Propoñer 2 ou 3 grandes proxectos faro anuais orientados 100% a estes segmentos.</li> </ul>

**III.-** Que **LINGUA URBANA FEST** e **WAKE UP NO GAIÁS**, son eventos que moverán en torno a unhas 8.000 persoas entre ambos. Lingua Urbana contará cun público máis xoven de entre 16 e 25 anos, mentres que Wake Up terá un público de entre 28 a 60 anos.

**IV.-** Que a entidade AMORINFES S.L., é organizadora dos eventos "Lingua Urbana" e "Wake Up no Gaiás". Como titular destas marcas, AMORINFES S.L. posúe todos os dereitos de propiedade intelectual asociados, incluíndo o uso, reprodución e explotación comercial de ditas marcas. Ademais, AMORINFES S.L. ten a exclusividade no uso destes nomes e marcas en relación cos eventos "Lingua Urbana" e "Wake up no Gaiás". Isto significa que ningunha outra entidade ou terceiro pode utilizar, rexistrar ou explotar comercialmente estes nomes sen autorización expresa de AMORINFES S.L., garantindo así a protección e diferenciación dos seus eventos no mercado.

O evento musical conta colaboración da Xunta de Galicia, e doutras entidades pertencentes ao sector público.



V.- Que, visto o anterior, as partes están interesadas en que se celebre en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia os eventos de música electrónica “Lingua Urbana Fest” e “Wake up no Gaiás”, polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio a cesión temporal a título gratuito de espazos prevista na cláusula terceira para a celebración dos seguintes eventos de música electrónica;

- **“Wake up Fest”**; os días 5 e 6 de xuño de 2026 de 18:00-06:00h e 28 de agosto de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
- **“El Campus”**; o día 12 de xuño de 2026 de 19:00-04:00h na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
- **“Ptazeta”**; 13 de xuño de 2026 de 19:00-02:00h na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
- **“Lingua Urbana Fest”**, o 29 de agosto de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.

A cesión abranguerá tamén os días precisos para a realización de ensaios e actuacións, montaxe e desmontaxe de ambos eventos.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DO CESIONARIO

En virtude do presente convenio, AMORINFES, S.L. se obriga a:

- a) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas.
- b) En canto promotor do evento, será da súa responsabilidade a presentación das comunicacións e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Igualmente seralle de aplicación os requisitos e condicións sinalados no Decreto 226/2022, de 22 de decembro, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 13, de 19 de xaneiro de 2023), polo que se regulan determinadas aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, especialmente en todo o relativo ás condicións técnicas e de seguridade das instalacións temporais e ás condicións de asistencia sanitaria sinalados na Sección 5ª do Decreto.



- c) Igualmente farase cargo da definición dos aforos e a distribución dos espazos, en coordinación co titular dos mesmos, debendo respectar o aforo máximo e absténdose de vender entradas e abonos en número que os sobrepase.
- d) Cumprir o horario autorizado, e resto das obrigas sinaladas no artigo 23 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- e) Farase cargo dos gastos relativos a cachés, dietas e desprazamentos de todos artistas e persoal técnico que estimen necesarios para a realización do espectáculo.
- f) AMORINFES, S.L. porá a disposición da Fundación un número total máximo de 30 (trinta) convites para o seu goce; no caso de non ser utilizadas pola Fundación, poderán ser postas a disposición de AMORINFES SL.
- g) En canto promotor do evento, se encargará da xestión, política de prezos e venda de entradas a través das canles que estime apropiadas.
- h) A produción do espectáculo. A tal efecto, serán ao seu cargo, e de xeito non exhaustivo:
  - 1. Os equipos de son e iluminación e dotación de escenario para o espectáculo.
  - 2. Persoal de atención ao público.
  - 3. Persoal de control de accesos (cos requisitos sinalados no Decreto 48/2021, de 11 de marzo, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos e espazos abertos ao público en que se celebren. Tamén contratará ao persoal de prevención e identificación de emerxencias por aglomeracións aos efectos de garantir unha evacuación ordenada, se fose necesario, e, de ser o caso e así esixirse legalmente por razón do aforo, un posto de mando avanzado para coordinación dos servizos de intervención, seguridade e sanitarios, en contacto permanente co Centro Integrado de Atención ás Emerxencias.
  - 4. Valos para a distribución de espazos e establecemento de vías de circulación para o acceso do público.
  - 5. Durante a celebración, deberá contar con vixiantes de seguridade, nas ratios sinaladas no Decreto 226/2022, de 22 de decembro, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 13, de 19 de xaneiro de 2023), polo que se regulan



determinadas aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos .

6. A instalación de aseos portátiles, nos termos sinalados no artigo 14 do Decreto 226/2022. Non se autoriza a utilización dos baños públicos do Gaiás para este evento.
  - i) Contratación do seguro de responsabilidade civil previsto na sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 13, de 19 de xaneiro de 2023), polo que se regulan determinadas aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecemento
  - j) Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación. O responsable do evento se compromete á convocatoria dun representante da Fundación Cidade da Cultura a roldas de prensa ou actos de comunicación pública que realice para de difusión e promoción do evento en Santiago de Compostela.
  - k) Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, os logotipos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calidade de entidade colaboradora do espectáculo na Cidade da Cultura de Galicia.
  - l) Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa.
  - m) Limitar as actividades que afecten ás areas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
  - n) Compromiso de autorizar a Fundación Cidade da Cultura, así como a medios de comunicación acreditados pola propia Fundación, a tomar fotografías e imaxes de vídeo, como mínimo, durante os primeiros tres minutos do espectáculo, así como a concesión sen custe para a Fundación de dereitos para distribuír estas imaxes a medios de comunicación e para ser empregadas pola Cidade da Cultura para a promoción das súas actividades nos soportes físicos e dixitais que considere (web, redes sociais, folletos, arquivo, etc...). Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do evento, sempre sen perturbar ao público, artistas e técnicos no desenvolvemento do espectáculo. A Fundación facilitará copia do devandito material a AMORINFES, S.L.



- o) A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, AMORINFES S.L. deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento, de calquera tipo, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC. A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento que se encuentre situado dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza, dende o momento de vixencia do presente convenio. Será obriga de AMORINFES S.L. acreditar que conta cos seguros necesarios para garantir a cobertura de todo tipo de continxencias (persoais e sobre equipos, infraestruturas e mobiliario) que poidan ocorrer durante o evento e na fase de montaxe e desmonte do mesmo, tal e como se esixe tanto na cláusula segunda, letra i), anteriormente descrita, coma neste apartado.
- p) Contratar ao seu cargo o persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros, así como dos servizos de limpeza do recinto durante e despois da celebración do evento. No caso da limpeza do recinto, a mesma deberá ser realizada no prazo máximo das 03 horas seguintes á finalización do evento, sen posibilidade de admisión de prórroga do dito prazo.
- q) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por AMORINFES, S.L., o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- r) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión da autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- s) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- t) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente.



- u) Para o caso de que sexa necesario a obtención de licenza municipal, deberá contar cun plan de emerxencia, un plan de autoprotección, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria que sexa esixible de acordo coa normativa de aplicación.
- v) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- w) Para responder de posibles danos, á data de sinatura do presente convenio AMORINFES S. L. debe ter constituída unha garantía por importe de tres mil euros (3.000,00 €). Esta garantía será devolta ao Cesionario ao finalizar a relación convencional (30 de agosto do 2026), unha vez deducida calquera cantidade debida á cedente nese momento, previo procedemento contradictorio e valoración do dano, de ser o caso.

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título grauíto dos seguintes espazos:
  - **"Wake up Fest"**; os días 5 e 6 de xuño de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
  - **"El Campus"**; o día 12 de xuño de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
  - **"Ptazeta"**; 13 de xuño de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
  - **"Lingua Urbana Fest"**, o 29 de agosto de 2026 na Praza Central da Cidade da Cultura de Galicia.
- b) Apoio á comunicación e publicidade do espectáculo cos medios propios que conta a Fundación.
- c) Declarar que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.
- d) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC onde se vai desenvolver o evento.
- e) Deseño e autorización da sinalética no espazo onde se realizará o espectáculo, dentro do complexo da CdC, para informar da/s ubicación/s onde se celebre o evento.

### CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS

A entidade promotora e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:



- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

#### **QUINTA.- FINANCIAMENTO**

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta de AMORINFES S.L., ademais dos gastos de persoal dependente, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia tales como materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións, equipamento eléctrico e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas). Así mesmo serán por conta de AMORINFES, S.L. a xestión da venda de entradas e os ingresos xerados por estes, así como os gastos e ingresos relacionados co desenvolvemento no Gaiás.

#### **SEXTA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS**

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e AMORINFES S.L. será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

#### **SÉTIMA.- PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS**

No caso de que a actividade se atope, por razón de aforo, incluída dentro do Anexo I do Decreto 172/2022, de 6 de outubro, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección, e polo que se fixa o contido desas medidas, a entidade organizadora elaborará o pertinente Plan de Autoprotección para o evento e o porá en coñecemento da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con antelación suficiente á súa celebración.

#### **OITAVA.- MANTEMENTO E LIMPEZA.**

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, AMORINFES S.L. será responsable da conservación, mantemento e limpeza das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.



No caso da limpeza das zonas afectadas pola cesión, a mesma debe ser realizada diariamente ao remato do evento e hasta a hora límite que se fixa de seguido;

- Os eventos que se celebren durante a semana (de luns a venres), o horario límite para limpeza da zona será ás 7.30h.
- Os eventos que se celebren en fin de semana, o horario límite poderá estenderse aos horarios de apertura do recinto ao público, excepto no caso de concorrencia con actividades propias e/ou programadas pola Fundación que afecten as zonas cedidas.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a cesionaria comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

#### **NOVENA.- CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS E INSTALACIÓNS CEDIDOS**

En ningún caso a utilización por AMORINFES S.L. das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados por AMORINFES , S.L.:

- AMORINFES , S.L. deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións que estableza a oportuna licenza/autorización sectorial; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Trala finalización da relación contractual AMORINFES S.L. deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade, e no seu caso a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

#### **DÉCIMA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

A difusión das imaxes dos espectáculos programados, obxecto do presente Convenio, en calquera medio e, en particular, nas redes sociais de AMORINFES S.L., deben entenderse expresamente autorizadas pola Fundación en virtude do presente Convenio.



## **DÉCIMO PRIMEIRA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN**

Non se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio a entidade distinta á organizadora dos espectáculos. Non se entende por cesión ou subcontratación a presenza de terceiros contratados ou subcontratados por AMORINFES S.L. para ofrecer servizos vencellados coa organización dos espectáculos programados e obxecto do presente Convenio

## **DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE**

As partes intervinientes manifiestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente contrato.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, existindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;



- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

### DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A Comisión reunirse tantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

### DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización dos eventos de música electrónica e aos días precisos para a realización da montaxe e desmontaxe dos eventos seguintes:

- **“Wake up Fest”**; os días 5 e 6 de xuño de 2026 e 28 de agosto de 2026.
- **“El Campus”**; o día 12 de xuño de 2026 .
- **“Ptazeta”**; 13 de xuño de 2026 .
- **“Lingua Urbana Fest”**, o 29 de agosto de 2026.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social ou natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar Indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.



## **DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á FUNDACIÓN.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos, coas precisións que resulten da cláusula décimo primeira do presente convenio.
6. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
7. O incumprimento imputable e relevante dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
8. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de AMORINFES, S.L. ou pola denegación das autorizacións e licenzas que procedan, extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

No caso de resolución do Convenio polas causas expresadas no número 6 anterior (disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que se extinga as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia), AMORINFES, S.L. terá dereito á compensación de todos aqueles gastos feitos ou nos que teña incorrido para a organización dos eventos obxecto deste Convenio, así como o reembolso das indemnizacións de danos e prexuízos fronte a terceiros nas que incorra por esta razón.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións AMORINFES, S.L. de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

## **DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICCIÓN APLICABLE**

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.



As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición civil.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, e para un só efecto, no lugar indicado no encabezamento e na data de última sinatura.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por AMORINFES, S.L.

Ana Isabel Vázquez Reboredo  
Directora Xerente

María Alejandra Rubio Seara  
Apoderada

